

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 9 DE MARZO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día nove de marzo de dous mil vinte; as trece horas e trinta e sete minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : Dona María Luz Expósito Pérez, dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello de 5 de marzo de 2020, no que expón:

O terreo de xogo do Xestal recentemente inaugurado tras unha obra de 350.000 euros, e cunha duración que triplicou os prazos, atopase nun estado lamentable. A súa mala situación xa fora denunciado reiteradas veces polo noso grupo, esta semana tras recibir queixas de varios usuarios, o noso grupo visitou dito campo e puido comprobar que situación lonxe de arranxarse foi a peor.

Esta semana ven de comprobarse que os erros son dun maior calado do que o goberno pretendia recoñecer. Así, técnicos consultados polo noso grupo non descartan que haxa que volver a levantar o terreo de xogo e renovar a capa de area existente por debaixo da herba sintética. A hipótese máis probable que se baralla é que a area empregada neste campo non fora a máis acaída para este uso. Ribeiro en Común reclamou desde o principio do proceso que houbera supervisión e control da obra por parte do goberno e do alcalde, pero no lugar de manter a preocupación e facer seguimento deixaron que a empresa actuara sen supervisión nin política nin dos técnicos municipais.

E solicita:

Ribeiro en Común esíxelle ao goberno que defenda os intereses do concello na obra do campo do Xestal e non ampare os erros da empresa, polo que esiximos que faga cumprir a garantía de obra existente e se realice unha reclamación ao respecto por ser o concello parte agraviada.

O noso grupo pide transparencia ao respecto, xa que levamos meses reclamando a elaboración de informes técnicos por parte do departamento de urbanismo e do servizo municipal de deportes, que o alcalde negase a encargar.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e indicar que a Administración contratante foi a Deputación Provincial e que a Lei de Contratos do Sector Público vixente prescribe:

Artigo 62: 1 Os órganos de contratación deberán nomear un responsable do contrato ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada , dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a él.

2 Nos contratos de obras , as facultades do responsable do contrato serán exercidas polo director facultativo consonte ao disposto nos artigos 237 a 246.

Artigo 243.3 : O prazo de garantía establecerase no prego de cláusulas administrativas particulares atendendo á natureza e complexidade da obra e non poderá ser inferior a un ano salvo casos especiais.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará exonerado de toda responsabilidade , salvo o disposto no artigo seguinte, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía , á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fora favorable e os defectos observados se debiesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído , concedendolle un prazo para ello durante o cal continuará encargado da conservación das obras , sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito do Xulgado Contencioso Administrativo nº1 de Ourense no que se anuncia a interposición de recurso contencioso-administrativo por doña María Fernández Domínguez contra resolución de alcaldía do concello de Ribadavia de data 26 de decembro de 2019 en materia de dominio público e propiedades especiais da administración local, Procedemento Ordinario 051/2020.

A xunta de goberno acorda personarse no procedemento ordinario 051/2020 en defensa dos intereses municipais encomendando a defensa dos mesmos ao letrado colexiado don Angel Pazos Huete.

-Escrito do Xulgado Contencioso Administrativo nº2 de Ourense no que se anuncia a interposición de recurso contencioso administrativo por Mapfre España SA contra desestimación por silencio administrativo de recurso de reposición contra a liquidación da taxa do servizo de intervención, incendios e salvamento por accidente de tráfico en data de 22-11-2019, Procedemento abreviado 027/2020-B.

A xunta de goberno acorda personarse no procedemento abreviado 027/2020-B en defensa dos intereses municipais encomendando a defensa dos mesmos ao letrado colexiado don Angel Pazos Huete.

Escrito da Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, reiterando o requerimento para realizar inspección periódica de instalación de alta tensión LMT CT Depuradora Francelos.

A xunta de goberno acorda comunicar que de forma inmediata se va a proceder a contratación dun Organismo de control autorizador para a realización da inspección.

-Escrito da Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, reiterando o requerimento para realizar inspección

periódica de instalación de alta tensión CT Franqueirán-Estación de bombeo e LMT Ribadavia.

A xunta de goberno acorda comunicar que de forma inmediata se va a proceder a contratación dun Organismo de control autorizador para a realización da inspección.

-Escrito da Confederación Hidrográfica Miño Sil comunicando resolución de autorización para instalación de liña eléctrica RBTS Rúa do Xestal 29 en zona de policía do río Avia e regato de Gateira ,petionario UFD Distribución Electricidad SA.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Vistas as bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a Concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes o exercicio de 2020, aprobadas pola Comisión Executiva do Inorde con data 12 de febreiro de 2020 e publicadas no BOP N° 52 de data 4 de marzo de 2020.

A Xunta de Goberno Local,por unanimidade dos asistentes, acorda:

Único.- Acollerse as devanditas Bases e solicitar a correspondente subvención prestando aprobación a solicitude de subvención para o proxecto que se presenta (57ª edición da Feira do Viño do Ribeiro) , segundo a documentación achegada coa solicitude.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes o exercicio 2020, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 14 de febreiro de 2019 e publicadas no B.O.P. nº 51, de 3 de marzo de 2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado: “Festival UKP Day”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases.

Aprobación de proxecto aos efectos de solicitude de subvención a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Vista a Resolución do 19 de decembro de 2020 polo que se aproba o Plan Marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021,

cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de desenvolvemento Rural.

Visto o proxecto de “ Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas do Concello de Ribadavia” redactado polo enxeñeiro do medio rural don Salvador Añel Prada cun orzamento subvencionable de 26.351 euros, IVE (21%) 5.533,71 EUROS, Orzamento subvencionable máis IVE, 31.884,71 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º. Aprobar o proxecto de “Mellora de camiños municipais do Concello de Ribadavia” aos efectos de solicitar subvención a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en base a Resolución do 19 de decembro de 2019 polo que se aproba o Plan Marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021 (DOG núm 27 de 10 de febreiro de 2020).

2º.- Designar como representante legal da entidade solicitante o Sr. Alcalde, Don Cesar Manuel Fernández Gil.

3º.- Que os camiños que integran o proxecto “Mellora de camiños municipais do Concello de Ribadavia”, obxecto de petición de subvención son de titularidade municipal.

SOLICITUD DE SUBVENCION.-

Orde do 31 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais para o ano 2020.

O abeiro da Orde do 31 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais para o ano 2020, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Equipamento e Mellora das Instalacións da Biblioteca Municipal”, por importe de 21.542 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

SEGUNDO.- Compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada a solicitude.

APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE PROYECTO DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA EN EL ALUMBRADO PÚBLICO EN LAS ZONAS DE FRANCELOS Y SAN CRISTOVO. AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA.

ACTUACIÓN SUBVENCIONADA POR EL IDAE EN BASE AL REAL DECRETO 616/2017 , DE 16 DE JUNIO, POR EL QUE SE REGULA LA CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONES A PROYECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCALES QUE FAVOREZCAN EL PASO A UNA ECONOMÍA BAJA EN CARBONO EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020.

Examinada la documentación que la acompaña, visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, en ejercicio de competencia delegada por decreto de alcaldía de 17 de junio de 2019, la Junta de Gobierno local, por unanimidad, acuerda:

PRIMERO. Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto para el PROYECTO DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA EN EL ALUMBRADO PÚBLICO EN LAS ZONAS DE FRANCELOS Y SAN CRISTOVO AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA, convocando su licitación.

SEGUNDO. Aprobar los Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares y de Prescripciones Técnicas que regirán el contrato.

TERCERO. Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

CUARTO. Publicar en el perfil de contratante toda la documentación integrante del expediente de contratación, en particular el pliego de cláusulas administrativas particulares y el de prescripciones técnicas.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as trece horas e corenta e cinco minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO